



Convenio entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Concello de Laracha para a impartición de ensinanzas de formación profesional da familia de Comercio e márketing

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Formación Profesional da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional,

INFORMA:

Que esta Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación profesional ten previsto formalizar co Concello de Laracha o instrumento convencional arriba referido cun período de vixencia de catro cursos académicos 2025-2026, 2026-2027, 2027-2028 e 2028-2029, dende a data a súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer a colaboración no campo da formación profesional entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Concello de Laracha, para a implantación ensinanzas de formación profesional da familia de Comercio e márketing neste concello, concretamente o ciclo formativo de grao superior Transporte e loxística.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional autorizará no IES Agra de Leborís de Laracha a posta en funcionamento e organización das referidas ensinanzas.

O Concello de Laracha pon a disposición as instalacións, ubicadas no edificio administrativo do Concello da Laracha, e os equipamentos necesarios, segundo a normativa vixente.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

1. No Decreto 195/2013, do 27 de decembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Transporte e Loxística, a competencia xeral deste título consiste en organizar, xestionar e controlar as



operacións do transporte de mercadorías e de persoas nos ámbitos nacional e internacional, e en planificar e xestionar as actividades loxísticas dunha empresa, de acordo coa normativa e cos obxectivos establecidos pola dirección da empresa, nun marco da calidade, seguridade e respecto ambiental.

2. Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello de Laracha están dispostos a colaborar para ampliar a oferta de ensinanzas de formación profesional no concello de Laracha e que se adapten ás actuais necesidades do mercado laboral e así conduzan a unha óptima inserción laboral do alumnado.
3. Que o Concello de Laracha, participará activamente para a implantación de ensinanzas de formación profesional da familia de Comercio e márketing no concello e está disposto a colaborar aportando o uso das instalacións e os equipamentos necesarios, segundo se recolle no Anexo II do Decreto 195/2013, do 27 de decembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Transporte e Loxística, e así poder ter a oferta das referidas ensinanzas de formación profesional no concello.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela.

